IESCHA
http://estudoschairegos.wix.com/iescha
estudoschairegos@gmail.com

Casa da Cultura - Praza de Suso Gayoso, 1 - 27800 **VILALBA** (LUGO)

NOTA INFORMATIVA DO IESCHA

CONFERENCIA

FLORENCIO DELGADO GURRIARÁN,

POESÍA DESDE O EXILIO EN MÉXICO

IMPARTIDA POR MIRO VILLAR

VENRES 6 DE MAIO DE 2022 – 20:00 HORAS

NA CASA DA CULTURA DE VILALBA

O Instituto de Estudos Chairegos (IESCHA), dentro dos actos programados co gallo das Letras Galegas'2022, organiza a conferencia que leva por título **"FLORENCIO DELGADO GURRIARÁN, POESÍA DESDE O EXILIO EN MÉXICO"**, que será impartida por **MIRO VILLAR**, Doutor en Teoría da Literatura e Literatura Comparada pola facultade de Filoloxía da Universidade de Santiago de Compostela (USC).

O acto terá lugar o venres 6 de maio de 2022, ás 20:00 horas, na Casa da Cultura de Vilalba, e será presentado por **Marisa Barreiro**, presidenta do **Iescha**.

A entrada será libre ata completar aforo, coas medidas sanitarias estipuladas.

MIRO VILLAR.- Doutor en Teoría da Literatura e Literatura Comparada pola facultade de Filoloxía da Universidade de Santiago de Compostela (USC) coa Tese de Doutoramento titulada A poesía galega de Antón Zapata García. Edición e Estudo, dirixida polo Dr. Xesús Alonso Montero; que foi lida e defendida o 25 de febreiro de 2008, obtendo o grao de Doutor coa cualificación de Sobresaliente Cum Laude.
Licenciado en Filoloxía Hipánica na especialidade de Galego-Portugués pola Universidade de Santiago de Compostela en xuño de 1995.
Curso de Aptitude Pedagóxica (CAP), realizado no curso 1995-96 na Universidade de Santiago cunha duración total de 300 horas, 150 do Ciclo Teórico e 150 do Ciclo Práctico.
Autor da Memoria de Licenciatura A poesía galega de Xervasio Paz Lestón. Edición e estudo, dirixida polo Dr. Xesús Alonso Montero; que foi lida e defendida o 29 de xullo de 1997, obtendo o grao de Licenciado coa cualificación de Sobresaliente. Bolsa de investigación da Universidade de Santiago para traballar no proxecto "Atlas lingüístico galego e outros traballos de Filoloxía Galega", dirixido polo Dr. Antón Santamarina, do Instituto da Lingua Galega, desde o 1-5-94 ata o 31-10-94. Ten publicadas obras de poesía, narrativa, ensaio, tradución..., conseguido unha gran cantidade de premios e distincións.

Vilalba, 29 de abril de 2022 - Arturo Gómez, secretario do IESCHA